

**De:** Secretaria Autonómica  
**A:** CENTROS  
**Asunto:** AXUDAS COVID  
**Data:** 12/11/2021  
ECGalicia 21061

## CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO

Prezados directores e directoras,

Como complemento da orde publicada onte de concesión de axudas aos centros concertados para adquisición de material, publícase no Diario Oficial de Galicia de hoxe a [ORDE do 28 de outubro de 2021](#) pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en privados concertados no curso 2021/22.

Esta norma é de aplicación aos centros privados concertados. Os destinatarios das axudas son os alumnos e alumnas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial. O obxectivo da orde é permitir que o alumnado beneficiario das axudas de material escolar, e o alumnado que non foi beneficiario delas por distintas circunstancias, pero reúna os requisitos desta orde, reciban gratuitamente máscaras.

### 1. Destinatarios das axudas.

- a) O alumnado das etapas especificadas que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2021/2022 (**Este alumnado NON TERÁ QUE PRESENTAR SOLICITUDE**, adquire automaticamente o dereito ás máscaras).
- b) O resto do alumnado, que non fose beneficiario da axuda para material escolar poderá presentar a solicitude correspondente, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:



- Pertenza a unha familia cunha *renda per cápita* igual ou inferior a 6.000 €.
- Estea matriculado en Educación Especial, ou suxeito á tutela ou garda da Xunta, ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda familiar.

## 2. Modelo de solicitude e prazo.

A solicitude formalizarase a través do modelo oficial contemplado no Anexo I da Orde. A solicitude será única para todos os fillos ou fillas, salvo que estean escolarizados en centros distintos.

Código de procedemento: ED330E.

Presentación: No centro docente, ou a través da sede electrónica da xunta

O prazo fixado no DOG é de 10 días hábiles contados a partir da publicación da orde no DOG. O último día do prazo é, polo tanto, o **venres 26 de novembro de 2021**.

DOCUMENTACIÓN que se debe xuntar coa solicitude (artigo 9º):

- a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. De non existir, o artigo contempla outras formas de acreditación dos membros computables.
- c) En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- d) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia **expedido pola administración autonómica**
- e) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, de ser o caso.
- f) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- g) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

h) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

Pode ser necesario a acreditación documental doutros extremos, se os solicitantes denegan o permiso á administración pública para acceder directamente á información (como DNI ou NIE, declaración do IRPF, e outros documentos relacionados no artigo 10º da orde). A este respecto a orde establece que cando o esixa a normativa, solicitarase o consentimento expreso para consultar a declaración do IRPF.

Os documentos deben reflectir a situación familiar a 31/12/2019.

Como salientamos no apartado 1, o alumnado beneficiario das axudas para material escolar non terá que presentar a solicitude.

### **3. Procedemento.**

Corresponderalles aos centros docentes incluídos no ámbito desta orde, a través da aplicación informática, tramitar as solicitudes e realizar os demais actos de xestión.

A aplicación que se cita, sen identificar, é a aplicación “Fondolibros”. A xestión destas axudas a través desta aplicación farase do mesmo modo que o curso pasado.

Pola normativa de protección de datos de carácter persoal, a publicación da resolución das axudas (tanto a provisional como a definitiva) debe efectuarse no taboleiro do centro de maneira que os datos non sexan accesibles desde o exterior.

Os trámites posteriores ao inicio do procedemento deberán realizarse presencialmente no centro docente.

### **4. Requisitos das máscaras.**

A orde en ningún momento fai referencia ao número de máscaras que se debe entregar a cada alumno/a, nin as especificacións técnicas das mesmas. Desde a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos confirman que non se enviarán

indicacións específicas técnicas aos centros sobre as máscaras; simplemente trasladan a recomendación do pasado curso de que sexan hixiénicas.

En canto ao número, debes ter en conta que o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID unicamente establece que o alumnado debe dispor cando menos dunha máscara de reposto, e estoxo específico para gardalas.

Recíbide un cordial saúdo,



Juana Otero Torres  
Secretaria Autonómica.